

Dous encontros reflexionan sobre as nosas letras neste outono

Celébranse o XI Ciclo Escritoras/es na
Universidade e as V Xornadas de Literatura
e Ensino

📅 19 / 9 / 2016 / Santiago. Redacción

O vindeiro 26 de setembro bota a andar na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo o xa clásico ciclo Escritoras/es na Universidade, que chega á súa décimo primeira edición. Co lema *Teoría de contrarios* esta cita reunirá en cada unha das súas tres xornadas a dous creadores arredor de diferentes dicotomías sobre as letras. A iniciativa comeza co debate Literatura e/ou mercado? con Susana Sánchez Arins e Xesús Constela, continúa con Iolanda Zúñiga e Silvia Penas a elixir entre Poesía ou performance o 5 de outubro, e remata o 19 co debate Drama ou postdrama? a cargo de Avelina Pérez e Manuel

literatura (<tematica.php?tematica=literatura>)